

## Control arqueolóxico da restauración da basílica e adro norte, 3ª fase, do Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, Silleda (Pontevedra)

ANDRÉS BONILLA RODRÍGUEZ

A igrexa-mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro e as súas edificacións anexas localízanse na parroquia de Carboeiro (Silleda, Pontevedra). Está asentada sobre un esporón rochoso, nun meandro do río Deza que cos seus afluentes regan a comarca coñecida como Terra de Trasdeza.

Nesta terceira fase de traballos de acondicionamento e posta en valor do monumento acometéronse unha serie de intervencións que axudaron a fomentar o seu uso e a súa funcionalidade en canto ás visitas e actos turísticos e culturais, única actividade que actualmente se desenvolve no conxunto. Un paso importante neste proceso foi mellorar a calidade da visita, garantindo como paso previo a seguridade e a comodidade dos accesos e o tránsito.

Para acadar estes obxectivos, os traballos contemplaron a realización de diferentes actuacións.

Primeiramente, procedeuse á eliminación de arbustos no seu contorno inmediato en dúas áreas situadas ao norte e ao sur do edificio, así como á remoción das acumulacións de cascallos nas zonas anexas ao priorado. No lateral leste do conxunto fixéronse traballos de limpeza de vexetación, desentullo e consolidación dos paramentos existentes.

Outro dos obxectivos foi a recuperación de pezas de muros e a consolidación e reposición destas nas mesmas zonas xa limpas. Na zona NW realizouse a limpeza e restauración da ruína alí existente, unha construción de planta trapezoidal anexa á esquina NW do priorado, que foi dotada dunha cuberta de madeira e tella.

Así mesmo, xeráronse áreas de descanso e camiños para facilitar e conducir o uso turístico do monumento. □



Consolidación de paramentos no lado Leste do mosteiro



Habilitación de camiños no lado Leste do mosteiro